

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA PARA O DESENVOLVEMENTO EXCEPCIONAL DA TERCEIRA AVALIACIÓN, OCASIONADO POLO COVID-19 DURANTE O PRESENTE CURSO 2019-2020.

CEIP AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

EVA LAMAS LÓPEZ



ÍNDICE

1. MARCO LEGAL

1.1. ESTATAL

1.2. AUTONÓMICO

2. XUSTIFICACIÓN

3. CONTIDOS

3.1. XUSTIFICACIÓN DE CONTIDOS

3.2. CONTIDOS

3.2.1. CONTIDOS SUSCEPTIBLES DE SER TRABALLADOS NESTA TERCEIRA AVALIACIÓN POR ÁREA.

3.2.2. CONTIDOS PROGRAMADOS ORIXINALMENTE PARA A TERCEIRA AVALIACIÓN QUE SON RETIRADOS DA PROGRAMACIÓN E QUE SERÁN INCLUIDOS NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO 2020-21, POR ÁREA.

4. ADAPTACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR ÁREAS

4.1. MATEMÁTICAS

4.2. LINGUA CASTELÁ

4.3. LINGUA GALEGA

4.4. CIENCIAS NATURALS

4.5. CIENCIAS SOCIAIS

5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

5.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.3. CUALIFICACIÓN FINAL

5.3.1. PROCEDIMIENTO PARA OBTENER LA CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO.

5.3.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E ALUMNADO CON MATERIA PENDIENTE

6. METODOLOGÍA E ACTIVIDADES

6.1. METODOLOGÍA

6.2. ACTIVIDADES

6.3. MATERIALES E RECURSOS

7. INFORMACIÓN E PUBLICIDAD

7.1. INFORMACIÓN AL ALUMNADO E A LAS FAMILIAS

7.2. PUBLICIDAD

1. Marco legal

Para a adaptación da miña programación como titora de Segundo de Educación Primaria, á situación excepcional de traballo non presencial ou telemático, ocasionada polo COVID-19 durante o presente curso 2019-2020, tiven en conta os seguintes documentos da normativa educativa.

1.1. Estatal

-LOMCE. Ley Orgánica para la mejora de la calidad educativa. Ley 8/2013 de 9 de diciembre (BOE del 10 de diciembre). Incluye el articulado vigente de la Ley Orgánica de Educación LOE y los Cambio que introduce la LOMCE.

-Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)-Texto consolidado

-Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

-Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.

-Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

-Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

-En desenvolvemento da normativa anterior a Consellería de Educación, Universidade e F. Profesional publicou as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do vixente curso académico)

1.2. Autonómico

-Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

2. XUSTIFICACIÓN

Hai unha necesidade real de adaptarse para seguir impartindo a mellor docencia posible durante esta etapa de confinamiento orixinada polo COVID-19, dada a excepcionalidade da situación na que nos atopamos, e reorganizar a programación, en especial puntos clave como a metodoloxía e a avaliación do resto do curso desde a casa.

Aunque é certo que na realidade da aula, incluída a aula virtual, non todo sae como se programa e sempre pode xurdir algún imprevisto, as experiencias de ensino aprendizaxe continúan e é tarefa da mestra planificalas.

Toca reinventarse, innovar e adaptarse aos cambios e esixencias actuais e permanecer nunha continua aprendizaxe para adecuar a miña práctica a estes tempos, para seguir cumprindo coa miña obriga, aínda que sexa de xeito non presencial, de garantir o dereito que teñen os nenos e nenas a seguir recibindo educación.

3. CONTIDOS

3.1. XUSTIFICACIÓN DE CONTIDOS

Nos derradeiros meses do curso académico xunto cos meus alumnos/as traballarei en cada área os contidos programados orixinalmente para o primeiro e segundo trimestres. Polo que a única variante sería retirar da mesma os contidos pertencentes ao terceiro trimestre.

De xeito excepcional e atendendo á necesidade do momento, podería abordarse algún contido que puidese orixinalmente estar programado para a Terceira Avaliación ou de repaso, reforzo e ampliación de cursos anteriores ou outros atendendo a un ou varios destes criterios:

A) Contido que considere necesario para acadar un bo grao de capacitación para afrontar os obxectivos e as competencias clave do Terceiro Nivel de E.P.

B) Contido que aínda que estivese programado para a Terceira Avaliación tratouse con anterioridade atendendo a unha necesidade.

C) Contido que considere imprescindible e que pode xurdir da necesidade do momento baixo o meu criterio como docente.

D) Contido relacionado cos elementos transversais do currículo e que fomente valores ou para favorecer campañas de concienciación medioambientais, de respecto a outros e de hixiene e saúde.

E) Contido TIC para axudar a nenos/as e familias na iniciación e uso das ferramentas necesarias para facer fronte a aprendizaxe telemática.

Lembremos que o proceso de ensino-aprendizaxe é algo vivo, e pode ocorrer que nun momento do mesmo determine que haxa unha necesidade de que se aborde, explique e traballe un determinado contido para paliar certa dificultade concreta, esté programado ou non, entendo que é a miña obriga como mestra axudar aos/ás meus/miñas alumnos/as.

3.2. CONTIDOS

3.2.1. CONTIDOS SUSCEPTIBLES DE SER TRABALLADOS NESTA TERCEIRA AVALIACIÓN POR ÁREA.

MATEMÁTICAS:

-Números naturais ata o 999.

-Nome e grafía dos números ata o 999.

-Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.

-Identifica e relaciona os números ordinais do 1º ao 20º.

-Utilización dos números ordinais.

- Comparación de números.
- Cálculo de sumas e restas con levadas.
- Proba da resta.
- Coñecemento das táboas de multiplicar e apoiándose no número de veces, suma repetida...
- A suma e a multiplicación.
- Resolución de problemas da vida cotiá.
- Unidades de lonxitude: quilómetro, metro e centímetro.
- Unidades de peso: quilo, medio quilo e cuarto de quilo.
- Unidades de capacidade: litro, medio litro e cuarto de litro.
- Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Realización de medicións.
- Identificación, comparación e clasificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.
- Elementos xeométricos básicos: lado, vértice.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

LINGUA CASTELÁ:

-Emprego das regras básicas de ortografía e puntuación coñecidas: emprego de maiúsculas, palabras con ca,co,cu,que,qui, palabras con za, zo, zu, ce, ci, os signos de exclamación e interrogación, palabras con ga, go, gu, gue, gui, güe, güi, palabras con ja, jo, ju, je, ji, ge, gi, palabras con r e rr e palabras terminadas en illo e illa.

NOTA: Aínda que o uso de mp/mb estaba proxectado para a Terceira Avaliación, o estudamos con anterioridade motivada esta decisión pola necesidade de paliar os faios ortográficos na corrección de tarefas das linguas

en trimestres previos. Ademáis en Lingua Galega este contido estaba proxectado para ser abordado na Primeira Avaliación. Polo que será un contido a repasar neste trimestre.

-Familias de palabras

-Diminutivos e aumentativos

-Sinónimos

-Campo semántico

-Palabras compostas

-Comprensión de textos orais sinxelos procedentes de vídeos de internet.

-Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.

-Lectura de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.

-Comprensión de textos escrito de diversa tipoloxía, axeitados á súa idade empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.

-Gusto pola lectura.

-Selección de libros segundo o gusto persoal.

-Uso guiado das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a búsqueda da información.

-Producción de textos moi sinxelos axeitados á súa idade, como contos, descripcións de persoas e animais, notas, contar unha viaxe, escribir unha noticia ou un anuncio, intentando presentalos de xeito claro e limpo.

-A palabra e a sílaba.

-Silabas tónicas e silabas átonas.

-A oración e clases de oracións.

-Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, artigos e adxectivos). Características e uso de cada clase de palabra.

-Recoñecemento dos constituintes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.

- Clases de nomes: comúns e propios.
- As relacións gramaticais que se establecen entre o nome e o resto dos compoñentes do grupo nominal.
- Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: anuncios.
- Emprego do material da plataforma educativa virtual e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade.
- Identificación das variedades da lingua na nosa comunidade autónoma. Identificación das similitudes e diferencias entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e acadar unha competencia comunicativa integrada.
- Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.
- Lectura guiada e comentada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

LINGUA GALEGA:

- Respecto polas convencións xerais da escrita coñecidas : emprego de maiúsculas, palabras con ca,co,cu,que,qui, palabras con za, zo, zu, ce, ci,os signos de exclamación e interrogación, palabras con ga, go, gu, gue, gui, palabras con r e rr, palabras con mp e mb, palabras con br e bl e palabras con x.
- Escritura e reescritura de textos literarios e non literarios axeitados á súa idade, intereses, ao ámbito educativo e cotiá: oracións, descripcións, postais, fichas de lectura, etiquetas, entrevistas e contos.

NOTA: aínda que este contido, o conto, en Lingua Galega estaba orixinalmente programado para a Terceira Avaliación, figura entre os contidos dos primeiros trimestres de Lingua Castelá e presentéino neste período como actividade co

obxectivo de ser fonte de expresión e entretemento dos meus alumnos e alumnas neste período de confinamiento con poucos estímulos.

-Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes de vídeos de internet para obter información xeral sobre os contidos abordados e relativos ao ámbito educativo, á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.

-Uso de fórmulas de tratamento axeitadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

-Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

-Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.

-Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.

-Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos.

-Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

-Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

-Lectura de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

CIENCIAS NATURAIS:

-Iniciación á actividade científica.

- Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.
- Busca guiada de información en internet e noutros soportes
- Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Identificación e observación das partes do corpo humano.
- Relación co medio e co seu contorno.
- Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais.
- Aceptación do propio corpo e o dos e das demais, coas súas limitacións e posibilidades.
- Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia, felicidade) e sentimentos propios e alleos.
- Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.
- Hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes no seu contorno e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.
- Pirámide alimentaria.
- Alimentos diarios necesarios.
- Análise de costumes na alimentación diaria.
- Diferenzas entre seres vivos e inertes
- Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas
- Observación dun animal ou dunha planta no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, empregando diferentes soportes: orais, escritos, gráficos, informáticos, fotográficos...
- Rexistro elemental da observación e do contraste de datos entre os compañeiros/as.
- Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos.
- Respecto polos seres vivos do contorno.
- Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.

-Coidado dos recursos informáticos. Para axudar aos nenos e nenas a traballar telemáticamente.

NOTA: aínda que o tratamento dos contidos referentes ao uso e coidado do ordenador, estivese proxectado para a Terceira Avaliación e a meirande parte de contido da mesma foron retirados da programación, a situación actual fixo que para axudar a nenos, nenas e familias a afrontar as clase non presenciais de xeito telemático, se abordase este contido desde que comezou a situación de excepción, propoñendo explicacións e actividades na plataforma coa etiqueta TIC.

CIENCIAS SOCIAIS:

-O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico.

-Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.

-Introdución no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analízala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións.

-Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos.

-Os ecosistemas da contorna e o ser humano.

-A paisaxe natural. O coidado e a contaminación. Tipos de paisaxes. A paisaxe natural que nos rodea. Tipos de paisaxe e a súa conservación. Observación de diferentes tipos de paisaxe. Comparación e identificación do tipo de paisaxe que corresponde ao contexto no que vive.

-Elementos máis significativos que conforman a paisaxe da localidade: relevo, ríos, illas, encoros, lagoas.

-O Concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía.

-As profesións e os sectores económicos.

-Seguridade viaria como persoas viaxeiras e peóns ou peoas.

-O reloxo como instrumento para medir o tempo.

NOTA: este contido estaba programado orixinalmente para a terceira avaliación pero considereino un contido indispensable e unha necesidade a súa abordaxe.

-Os museos como espazo de aprendizaxe e de goce.

NOTA: para paliar os posibles efectos negativos do confinamento nos nenos engadín este contido orixinalmente proxectado para a Terceira Avaliación, propoñendo unha actividade de visita desde os seus fogares a un museo virtual da súa elección.

3.2.2. CONTIDOS PROGRAMADOS ORIXINALMENTE PARA A TERCEIRA AVALIACIÓN QUE SON RETIRADOS DA PROGRAMACIÓN E QUE SERÁN INCLUIDOS NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO 2020-21, POR ÁREA.

MATEMÁTICAS

-Unidades de medida do tempo e as súas relacións: día, semana e ano.

-Lectura en reloxos dixitais.

-O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.

- Manexo de prezos de artigos cotiáns.
- Equivalencias entre moedas e billetes.
- Elaboración de simetrías sinxelas.
- Eixes de simetría.
- Tipos de triángulos: equilátero, isóscele e escaleno.
- Identificación de corpos xeométricos en obxectos e ámbitos cotiáns: prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera.
- Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.
- Interpretación, descrición e elaboración de esbozos de itinerarios sinxelos.
- Uso de vocabulario xeométrico para describir itinerarios.
- Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá explicando oralmente por escrito o procedemento seguido e as solución obtidas.
- Utilización de técnicas para a recollida e ordenación de datos en contextos familiares e próximos.
- Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaxe habitual e de expresións relacionadas coa probabilidade.
- Multiplicacións máis complexas.
- Repartos e división
- Doble e metade

LINGUA CASTELÁ

- Emprego das regras básicas de ortografía e puntuación: br/bl e a coma.

NOTA: o uso de br/bl foi estudado con anterioridade en Lingua Galega xa que é un contido programado orixinariamente para os primeiros trimestres do curso nesta área.

-Palabras derivadas

-Familias de palabras

-Antónimos

-Recoñecemento das distintas clases de palabras (pronombres e verbos).

Características e uso de cada clase de palabra.

-Creación de textos empregando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteles publicitarios e cómics.

-O texto informativo

-O texto teatral.

-Tempos verbais: presente, pasado e futuro.

LINGUA GALEGA

-Respecto polas convencións xerais da escrita coñecidas e normas ortográficas: uso axeitado da ll, da i, a interrogación, a exclamación e a coma.

-Escritura de textos literarios: a receita, a noticia, o poema.

-Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios e cómic.

CIENCIAS NATURAIS

- Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico.
- Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.
- Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.
- Observación dos efectos da aplicación dunha forza.
- Análise dos efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.
- Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade evitando estereotipos sexistas.
- Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos simples domésticos e escolares, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar.
- Prevenición de riscos no emprego de máquinas e aparellos de uso cotián.

CIENCIAS SOCIAIS

- Os usos da auga, os lugares nos que aparece na contorna próxima e o uso responsable desta.
- Rochas e minerais da contorna: cor, textura, forma, dureza. Usos básicos destes materiais.
- Orientacións espaciais, nocións básicas que lle permitan orientarse nun debuxo ou nun plano sinxelo da contorna máis próxima.
- Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro, ano e década.
- O calendario como instrumento para medir o tempo.
- O paso do tempo.
- O patrimonio histórico, cultural e artístico. Coidado e conservación.

4. ADAPTACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES POR ÁREAS

4.1. MATEMÁTICAS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1: PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS	
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	-Desenvolve e cultiva as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.
BLOQUE 2: NÚMEROS	
Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	-Le, escribe e ordena números ata o 999.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	- Utiliza os números ordinais en contextos reais. - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Realizar operacións e cálculos numéricos.	-Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta. - Coñece as táboas e realiza cálculos numéricos moi básicos coa operación da multiplicación.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel.	- Resolve problemas sinxelos que impliquen o dominio dos contidos traballados.
BLOQUE 3: MEDIDA	
Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	-Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	-Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	-Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.
BLOQUE 4: XEOMETRÍA	
Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	-Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
BLOQUE 5: ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE	
Interpretar unha información cuantificable, utilizando algún	-Interpreta datos en representacións gráficas sinxelas como táboas.

recursos de representación gráfica como unha táboa, comunicando a información.	- Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.
--	---

4.2. LINGUA CASTELÁ

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR	
Ampliar o vocabulario a partir das experiencias da aula virtual.	-Emprega o vocabulario acomodado ao seu nivel.
Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	-Comprende, de xeito global, a información xeral dun vídeo educativo ou texto oral acorde á súa idade.
Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	- Se inicia no emprego guiado dos medios audiovisuais e dixitais para obter información. - Recoñece de forma global o contido principal dun vídeo procedente dos medios de comunicación.
BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA.LER.	
Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	- Le en voz alta diferentes tipos de textos moi sinxelos axeitados á súa idade. - Le en silencio diferentes tipos de textos moi sinxelos axeitados á súa idade.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	- Identifica o tema dun texto sinxelo.
Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	- Dedicar, de xeito guiado, momentos de ocio para a lectura voluntaria. - Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias literarias.
Empregar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a búsqueda da información.	- Emprega, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA.ESCRIBIR.	
Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descripcións, notas, contos, diario...) aplicando as regras	- Escribe, con axuda, textos sinxelos, propios da vida cotidiana, do ámbito escolar e social (descripcións, notas, contos, diario...) Respetando as

gramaticais e ortográficas básicas coñecidas e coidando a presentación.	normas gramaticais e ortográficas básicas coñecidas: - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.
Elaborar, de xeito guiado, proxectos sobre temas da área ou outras áreas como Ciencias Sociais ou Ciencias Naturais.	- Elabora textos sinxelos que recollan experiencias realizadas: como plantar sementes e recoller as observacións no seu diario persoal.
Empregar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito guiada para presentar as súas produción, na medida das súas posibilidades.	-Emprega, con axuda, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para escribir e presentar textos moi sinxelos.
BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA	
Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	-Emprega de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome e o artigo. -Distingue as diferentes clases de sustantivos.
Desenvolve as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	- Identifica o suxeito/grupo nominal e o predicado nas oraciones simples.
Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	- Emprega o punto, as maiúsculas e os signos de interrogación e exclamación e os aplica á escritura de textos sinxelos.
Desenvolve estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	- Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
Empregar a plataforma virtual e outros recursos das Novas Tecnoloxías na medida das súas posibilidades para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	-Emprega de xeito guiado, distintas ferramentas educativas dixitais.
Comparar aspectos básicos cos de linguas que coñece para mellorar na aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	- Compara aspectos (ortográficos, sintácticos, léxicos) de linguas que coñece e os aproveita na súa aprendizaxe para ampliar coñecementos en cada área.
BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA	
Valorar textos como fonte de ocio e información.	-Valora textos de literatura infantil: contos, poesía e trabalinguas.
Iniciar a lectura e expresión de textos literarios narrativos e poéticos na práctica educativa.	- Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

4.3. LINGUA GALEGA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR	
Ampliar o vocabulario a partir das experiencias da aula virtual.	-Emprega o vocabulario acomodado ao seu nivel.
Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	-Comprende, de xeito global, a información xeral dun vídeo educativo ou texto oral acorde á súa idade.
Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	-Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	- Se inicia no emprego guiado dos medios audiovisuais e dixitais para comunicarse e aprender.
BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA.LER.	
Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	-Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.
Ler,de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	- Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. - Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
Ler por iniciativa propia diferentes tipos de textos.	- Dedicar, de xeito guiado, momentos de ocio para a lectura voluntaria. - Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias literarias.
Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA.ESCRIBIR.	
Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás do ámbito persoal ou escolar.	-Produce e reescribe textos sinxelos, como escribir oracións, elaborar fichas de lectura, descripcións de persoas e lugares e escribir postais empregando as características habituais deses textos. -Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. - Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas básicas coñecidas como

	o uso das maiúsculas e o punto.
Presentar adecuadamente os traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	- Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA	
Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	- Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	-Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.
BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA	
Compoñer, recrear e reescribir textos literarios, usando modelos.	- Compón, recrea e reescribe textos literarios sinxelos como contos ou poemas.
Iniciar a lectura e expresión de textos literarios narrativos e poéticos na práctica educativa.	- Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

4.4. CIENCIAS NATURAIS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE1: INICIACIÓN A ACTIVIDADE CIENTÍFICA	
Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	-Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAÚDE	
Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	-Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. -Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. -Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa	- Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.

enfermidade.	- Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.
BLOQUE 3: OS SERES VIVOS	
Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	- Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
Observar e rexistrar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados	- Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA	
-NOTA: o bloque 4 correspóndese aos contidos dos dous últimos temas de Ciencias Naturais da Terceira Avaliación que se retiran da programación e por tanto tamén os criterios e os estándares de aprendizaxe para a súa avaliación.	

4.5. CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS	
Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	- Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.
BLOQUE 2: O MUNDO QUE NOS RODEA	
Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	- Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.	- Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se

	investigou na aula.
Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. - Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.
BLOQUE 3: VIVIR EN SOCIEDADE	
Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	<ul style="list-style-type: none"> - Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. - Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	-Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.
Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	<ul style="list-style-type: none"> - Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.
BLOQUE 4: AS PEGADAS DO TEMPO	
Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	-Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.
<p>-NOTA: o bloque 4 correspóndese aos contidos dos dous últimos temas de Ciencias Sociais da Terceira Avaliación que se retiran da programación e por tanto tamén se retiran os criterios e os estándares de aprendizaxe para a súa avaliación. Xa que propuxen, para paliar os efectos que o confinamento puidese ocasionar nos nenos e nenas, unha actividade consistente nun percorrido virtual por un museo, inclúo este criterio de avaliación e estándar de aprendizaxe aínda que orixinalmente fose programado para a terceira avaliación.</p>	

5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

5.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Resolución de exercicios e problemas.
- Desempeño e participación nas actividades.
- Producións de textos escritos.
- Proxectos e traballos.
- Diario de clase (no que se recolle a entrega e corrección de actividades).
- Creacións do alumnado.
- Producións plásticas.

5.2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

- Análise das producións dos alumnos/as.
- Observación sistemática.

5.3. CUALIFICACIÓN FINAL

5.3.1. PROCEDIMIENTO PARA OBTENER LA CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO.

A avaliación será continua, de carácter diagnóstico e formativo. Considerarei en conxunto as avaliacións de todo o curso e a derradeira avaliación e final de curso serán un reflexo do grao de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias traballadas nas avaliacións previas, pudiendo a presentación de actividades realizadas na fase non presencial ter un valor positivo para a cualificación final do alumnado, nunca negativo, atendendo aos seguintes criterios:

-Grao de participación nas actividades, traballos e proxectos na Terceira Avaliación, sempre tendo en conta a situación familiar e recursos telemáticos dispoñibles.

-Grao de participación nas actividades, traballos e proxectos nas avaliacións previas.

-Desempeño nas actividades, traballos e proxectos na Terceira Avaliación e avaliacións previas.

-Actitude ante o traballo durante as tres avaliacións do curso.

En resumo, a cualificación vaise facer en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións. A esa cualificación podería engadirselle unha puntuación determinada (un punto máis) en función das actividades realizadas no terceiro trimestre. En calquera caso éstas só servirían para mellorar a nota, nunca para empeoralala.

5.3.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE

Non hai alumnado de materia pendente. Tomando como referencia e tendo en conta a evolución durante o periodo previo á suspensión da actividade presencial, ningún dos meus/miñas alumnos/as ten suspensa a segunda avaliación e considero están capacitados para enfrontarse cos obxectivos e as competencias clave do terceiro curso de E.P.

De non ser así, por suposto flexibilizaría e consideraría o progreso no conxunto das áreas e non as limitacións que afectasen ao número de áreas pendentes.

6. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

6.1. METODOLOXÍA

Sobre o meu rol como mestra debo dicir que sempre tiven interese por aprender novas técnicas e metodoloxías de ensino que se adapten ás necesidades dos estudantes, máis aínda na situación que nos ocupa. Sempre trato de crear un clima agradable na aula virtual, buscando feedback e aportando cariño e empatía. Pretendo mostrarme como unha guía, unha facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe dos meus alumnos e aportarlles non só coñecementos e tarefas senon experiencias motivadoras que lles fagan máis doada esta situación.

Para que os nenos e nenas non boten de menos unha rutina académica, todos os días documéntome, busco recursos e redacto a explicación do día que cada xornada subo á plataforma virtual “Google Classroom” para cumprir co principio e acordo xeral de Centro de non sobrecargar ao alumnado e cada día dun área diferente para que sexa motivadora para os nenos e nenas. Sempre explico os temas aínda que moitos estean xa explicados con anterioridade, para reforzar os contidos e paliar as posibles dúbidas que puideran xurdir. Nunca me limito a subir fichas, ou vídeos sen máis.

Agás unha familia que non desexa poñer internet polo de agora, todos os alumnos dispoñen de internet aínda que sexa no móbil, polo que teñen acceso á plataforma virtual educativa. Aínda así, para a súa comodidade lles envío a diario a varias familias os contidos, explicacións e tarefas da plataforma.

-Unha familia que non desexa poñer internet e non ten Smartphone. Polo que lle remito os contidos da plataforma (explicacións e tarefas) e anuncios do taboleiro a través de MMS que ten limitacións de uso. Tamén corrijo deste xeito, mediante SMS/MMS.

-Unha familia que me comunicou non lle funcionaba o ordenador aínda que sí pode acceder á plataforma a través do móbil que ten conexión á internet. Agora mercou un portátil pero lle segue resultando máis cómodo que lle siga remitindo os anuncios do taboleiro e contidos da plataforma (explicacións, tarefas e fichas) por Whatsapp e facer as correccións deste xeito, e o fago encantada.

-Unha familia que dispón de acceso á plataforma mediante o seu smartphone pero nun momento comunicou que as veces non podía abrir o correo polo que lle remito a diario os anuncios do taboleiro, e contidos da plataforma incluídas fichas, explicacións e tarefas mediante Whatsapp.

-Outras familias que aínda que dispoñen de internet e ordenador pero porque lles resulta máis sinxelo, prefiren enviarme para a súa corrección moitas das tarefas por Whatsapp e facemos así.

A miña metodoloxía se basea en facilitar e fágoo de bo grao, sempre que sexa de xeito telemático cumprindo coa normativa, estea na miña man e dispoña dos medios necesarios para tal fin, incluso adicando recursos persoais como é o meu número de teléfono persoal, e empregando recursos de mensaxería instantánea como MMS ou Whatsapp.

En canto as TITORÍAS, aínda que o Centro segue mantendo os corenta e cinco minutos de titoría semanal no mesmo día e hora da semana, esta resulta meramente protocolaria e en moitas ocasións se tornaría insuficiente, xa que debido á corta idade dos meus alumnos, que non poden facer fronte aos medios telemáticos por si mesmos sen guía e axuda por parte das súas familias e min mesma, estou en contacto a diario na meirande parte dos casos, para a corrección de tarefas, dialogar sobre as achegas e dificultades, seguimento do alumnado e evolución, resolución de dificultades telemáticas, acompañar e aconsellar a familias e alumnos etc. o que son titorías aínda que

en tempos excepcionais, de xeito excepcional, a través de teléfono, Whatsapp e SMS.

As TIC son moi importantes pero nesta situación de excepción son clave e cumpren un papel fundamental para continuar cos procesos de ensino e aprendizaxe, ata que todo volte á normalidade. Polo que subirei periódicamente á plataforma contidos básicos de uso de Novas Tecnoloxías e tarefas para axudar aos nenos e nenas a adaptarse a esta nova realidade.

No ámbito da atención ao alumnado con NEAE, tanto a programación didáctica presentada en setembro e a adaptación actual da mesma, como a práctica do día a día son respectuosas e están concebidas e orientadas a contribuir a cubrir as necesidades deste alumnado. O uso das TIC como recurso favorece moitísimo.

6.2.ACTIVIDADES

- Resolución de exercicios e problemas.
- Producións de textos escritos.
- Proxectos e traballos.
- Comentarios de texto con preguntas sobre o tema.
- Experimentos.
- Creacións do alumnado.
- Visionado de vídeos educativos.
- Producións plásticas.

6.3. MATERIAIS E RECURSOS

- Aula virtual de Google Classroom (tarefas).
- Aula virtual de Google Classroom (taboleiro de anuncios).
- SMS/MMS.
- Whatsapp.
- Teléfono.
- Ordenador persoal.
- Internet.

7. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

7.1.INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS

Para informar ao alumnado e familias empregarei diversos medios: o taboleiro de anuncios da plataforma educativa virtual Google Classroom, teléfono, Whatsapp e SMS atendendo ao momento e á dispoñibilidade de medios das familias.

7.2.PUBLICIDADE

As adaptacións das programacións se remitirán á Dirección de Centro que enviarán as mesmas ao servizo de Inspección Educativa e entendo que deberían ser publicadas íntegramente, tal e como foron concebidas, na páxina web do centro para a súa consulta por curso.